



## **ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2020**



## V. ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2020

### V.1. Grandes cifras

#### V.1.1. *Evolución do Sistema de Financiamento. Teito de gasto e Capacidade de gasto*

A situación interina do Goberno de España e a falla de convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira neste ano 2019, fixo que o presente proxecto de orzamentos non conte coas contías do sistema de financiamento comunicadas polo Ministerio de Facenda.

Perante a falla da devandita información os ingresos do sistema de financiamento autonómico son os estimados polos servizos da consellería de facenda segundo a metodoloxía descrita no informe de estratexia financeiro fiscal presentado xunto co límite de gasto o pasado mes de setembro e na memoria I destes orzamentos.

Compre sinalar tamén, que aínda que xa se ten notificada a próxima transferencia actualizada dos ingresos a conta do sistema de financiamento, a día de hoxe 17 de outubro aínda non se conta no tesouro da comunidade autónoma coas contías actualizadas do SFA correspondentes a 2019, e tamén que esta apenas acada a metade das contías reclamadas pola comunidade autónoma ao ministerio de facenda, entre as restantes destaca a compensación pola non liquidación dun mes do IVE polas modificacións introducidas na súa xestión polo Ministerio de Facenda co gallo da implantación do sistema de información inmediata (SII)

No que atinxe ás estimacións dos pagos a conta do SFA para 2020, estes mostran unha evolución semellante ao PIB nominal previsto para o vindeiro exercicio se ben a súa composición e evolución varía segundo os compoñentes do mesmo. O IRPF evoluciona a bo ritmo apoiado nunha campaña aceptable no 2019, malia que lastrada pola devolución das contías indebidamente retidas ao abeiro da prestación por maternidade, que non se repite no 2020 e nun ensanchamento das bases grazas a o crecemento dos traballadores empregados e ao crecemento das retribucións. O IVE crece máis modestamente pola evolución máis modesta da recadación no 2019 e a certa atonía prevista para o consumo no 2020, e os ingresos especiais mostran unha evolución lineal. As participacións de Galicia na porcentaxe de cesión estímase en base a os cálculos da última liquidación do sistema.

En base ás anteriores evolucións estímase un ITE para o 2020 que se aplica ao fondo de garantía que se reparte en base á poboación axustada de Galicia da última liquidación do SFA e ao de suficiencia.

Así os pagos a conta previstos para 2020 do SFA case acadan os 7.659 millóns de euros, un 3,1% máis que as actualizadas de 2019. No que atinxe á liquidación de 2018


a percibir no 2020, esta calculase co mesmo procedemento anterior pero en base a os datos certos de recadación da AEAT dese exercicio.

Compre sinalar que esta sofre un importante aumento por un dobre motivo, por unha banda a liquidación moi negativa do IVE do 2017 xa que non se realizou sobre a recadación dun ano completo senón sobre a de once meses pola aplicación do sistema de información inmediata que o Ministerio de Facenda non foi quen de compensar, por outra, polos baixos pagos a conta estimados no 2018 que logo dun bo exercicio fiscal agora dan lugar a unha alta liquidación, en especial no caso do IRPF de novo.

Como é habitual recollese na gráfica seguinte unha serie longa de ingreso do sistema en termos de caixa, é dicir nas contías que foron ingreso orzamentario efectivo en cada exercicio, correspondentes á suma das entregas a conta do exercicio correspondente máis (ou menos se é negativa) a liquidación do exercicio n-2. (dende 2011 se está a deducir a liquidación negativa fraccionada dos exercicios 2008 e 2009). Para 2019 se engaden os 198 millóns de euros en concepto de compensación polos efectos contable de aplicación do SII e a merma na liquidación do IVE á que Galicia non renuncia, malia que non foron aínda pagados pola AXE.

Como pode verse o sistema non sempre evoluciona de xeito correlativo ao PIB, malia que a recadación tributaria garda unha importante correlación con este índice, a dinámica dos fondos de nivelación e as liquidacións que vencellan o peche do sistema ao exercicio n-2 distorsionan esta relación.

Gráfico 32: Galicia. Ingresos do sistema de financiamento e PIB.




Como pode ollarse os ingresos dimanantes do sistema para 2020, son os máis altos da serie superando os de 2009 en máis de 500 millóns de euros.

Cadro 24. Pagos a conta e liquidacións do sistema de financiamento. Datos en millóns de euros.

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
INGS SISTEMA FINANCIAMENTO	6.149	6.814	7.335	7.439	6.280	6.071	6.080	6.210	5.999	6.323	6.786	7.094	7.296	7.681	7.974
Var absoluta	391	665	521	104	-1.159	-209	9	130	-211	324	463	308	202	384	294
% variación	6,8%	10,8%	7,6%	1,4%	-15,6%	-3,3%	0,1%	2,1%	-3,4%	5,4%	7,3%	4,5%	2,9%	5,3%	3,8%


A evolución do sistema de financiamento arriba reflectida require unha dobre explicación, os ingresos son os efectivamente recibidos ata 2019, no presente exercicio esta recollida a contía pendente de compensación da liquidación do IVE por importe de 198 millóns de euros, á que nos referimos nos parágrafos anteriores, ademais o incremento deste ano está afectado pola inclusión do “céntimo sanitario” nos ingresos a conta do SFA, cando antes se recibían polas ccaa aparte do sistema, en termos homoxéneos no 2019 so crecería o 4,2% con compensación do IVE e tan so o 1,5% sen compensación.

Gráfica 33: Galicia. Evolución dos ingresos a conta e do pib nominal.



Como pode ollarse, o cálculo das entregas a conta mostra un crecemento tendencial con certa relación co evolución da economía. Malia que no período observado houbo dous grandes axustes tributarios, un a alza no 2012 e outro á baixa no 2015.

Gráfica 34. Evolución das liquidacións do sistema de financiamento



No que atinxe ás liquidacións, estas mostran unha evolución discordante coa do PIB do exercicio corrente, que mellora cando a comparamos co PIB do exercicio n-2 ao que fan referencia.

O montante negativo de 2011 se corresponde co primeiro pago da liquidación negativa de 2008.

A cor vermella no exercicio 2019 mostra a sensible merma da liquidación de 2017, pola non compensación da implantación do SII no IVE.

Aínda así, as liquidacións non mostran unha evolución simétrica á do PIB do exercicio n-2 por estar condicionadas ao acerto na estimación dos ingresos a conta e ao funcionamento dos fondos de nivelación e cooperación que operan cunha lóxica diferente á evolución do PIB.

De terse adoptado as medidas precisas para neutralizar o impacto desta medida no sistema de financiamento, como solicitou a comunidade autónoma de Galicia, a liquidación aumentaría o importe marcado en vermello claro na gráfica, case ata o nivel de 2018. O resto da evolución da liquidación e a súa discordancia coa evolución do PIB nestes últimos anos resulta explicado pola entrada de novas comunidades nos fondos de cooperación, que agora renden menos ao se repartir entre máis beneficiarios,

O teito de gasto fixado, en aplicación da Lei 2/2011, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, foi autorizado polo Consello da Xunta o día 3 de outubro, e


aprobado o 9 de outubro polo Parlamento de Galicia, estableceuse en 10.160 millóns de euros.

O importe de gasto non financeiro consignado nos orzamentos para 2020 é de 10.149 millóns de euros, montante que esgota o devandito teito, na medida en que é axustado polo impacto das medidas fiscais propostas na lei de orzamentos por importe de 11,1 millóns de euros.

De seguido pasamos a analizar as principais masas financeiras do orzamento consolidado e a súa comparación coas contas de 2019.

Como sempre, a efectos comparativos en series longas, recóllese o orzamento minorado en exercicios anteriores coa participación dos concellos nos tributos do estado e as primas da pac do FEAGA.

Gráfico 35. Evolución do gasto non financeiro consolidado do orzamento en millóns de euros.



O gasto non financeiro consolidado de 2020 supón unha suba do 3% en relación ao orzamento de 2019, preto dos 300 millóns de euros.

### V.1.2. Ingreso consolidado.

Os ingresos totais nos Orzamentos Xerais para 2020 ascenden a 11.822 millóns de euros, dos que os ingresos non financeiros ascenden a 10.101 millóns de euros, e os ingresos financeiros a 1.721 millóns de euros, segundo o seguinte detalle por capítulos:

Cadro 25. Cadro de ingresos do orzamento consolidado, miles de euros

		Distribución económica					
Capítulos		2019	2020	Variación 2020/2019		Valor Relativo	
				Importe	%	2019	2020
I	Impostos directos	2.431.251	2.616.465	185.215	7,6	21,1	22,1
II	Impostos indirectos	3.450.728	3.637.903	187.175	5,4	29,9	30,8
III	Taxas, prezos e outros ingresos	177.517	187.488	9.970	5,6	1,5	1,6
IV	Transferencias correntes	3.008.296	2.942.950	-65.346	-2,2	26,1	24,9
V	Ingresos patrimoniais	8.686	7.586	-1.100	-12,7	0,1	0,1
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>9.076.478</b>	<b>9.392.392</b>	<b>315.914</b>	<b>3,5</b>	<b>78,6</b>	<b>79,5</b>
VI	Alleamento de investimentos reais	7.340	6.755	-585	-8,0	0,1	0,1
VII	Transferencias de capital	671.166	701.528	30.362	4,5	5,8	5,9
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>678.506</b>	<b>708.283</b>	<b>29.777</b>	<b>4,4</b>	<b>5,9</b>	<b>6,0</b>
<b>TOTAL OPERACIÓN NON FINANCIERAS</b>		<b>9.754.984</b>	<b>10.100.675</b>	<b>345.691</b>	<b>3,5</b>	<b>84,5</b>	<b>85,4</b>
VIII	Activos financeiros	20.972	29.194	8.222	39,2	0,2	0,2
IX	Pasivos financeiros	1.768.395	1.691.706	-76.688	-4,3	15,3	14,3
<b>TOTAL OPERACIÓN FINANCIERAS</b>		<b>1.789.367</b>	<b>1.720.900</b>	<b>-68.467</b>	<b>-3,8</b>	<b>15,5</b>	<b>14,6</b>
<b>Total</b>		<b>11.544.351</b>	<b>11.821.575</b>	<b>277.224</b>	<b>2,4</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

A previsión de evolución dos ingresos do sistema de financiamento, que aumentan un 3,9% sobre os correspondentes a 2019, como partida de máis peso no ingreso non financeiro, caracteriza o orzamento de ingresos. Os tributos propios e cedidos medran no caso do ITP e reflicten o impacto das baixas tributarias no caso de ISD e Patrimonio. Así mesmo a evolución dos tributos cedidos está caracterizada pola consideración do céntimo sanitario dentro das entregas a conta dos impostos especiais. Por último no eido tributario, os impostos propios reflicten baixa da actividade no ICA e xogo e os demais amosan unha tendencia lineal.

No que atinxe ao financiamento finalista do Estado, a falta de proxecto de PGE que recolla novas liñas de financiamento, mellórase a súa estimación, froito do aumento dos niveis mínimos de dependencia que lle corresponden a Galicia polo aumento de po-boación atendida e dos repartos dos fondos de empregos avanzados pola correspondente comisión mixta.

No que atinxe aos fondos europeos, recollen a última anualidade normal do período, para no 2021 entrar no período n+3, ademais esperase ingresar importantes contías de fondos xa executados en períodos anteriores pero pendentes de certificar, tanto do programa operativo de Galicia, como os plurirrexionais, despois dos anos iniciais de lanzamento dos programas operativos, nos que se fixo un importante esforzo de programación.



Os capítulo de ingresos tributarios son os que reflicten unha maior dinámica crecendo entre o 5% e o 7%.

Por outra banda, os ingresos por operacións financeiras baixan un 3,8% pola evolución do calendario de vencementos da débeda pública, e adicionalmente pola baixa do recurso ao endebedamento neto nun millón de euros.

### V.1.3. Aumento do gasto non financeiro nun 3%

O gasto consolidado para 2020 acada a suma de 11.822 millóns de euros, 10.149 non financeiro e 1.673 financeiro, detallándose a clasificación económica do mesmo na táboa seguinte:

Cadro 26. Cadro de gasto do orzamento consolidado.

Distribución económica							
Capítulos		2019	2020	Variación 2020/2019		Valor Relativo	
				Importe	%	2019	2020
I	Gastos de persoal	3.889.284	4.030.697	141.413	3,6	33,7	34,1
II	Gastos en bens correntes e servizos	1.783.753	1.839.724	55.971	3,1	15,5	15,6
III	Gastos financeiros	165.417	143.379	-22.038	-13,3	1,4	1,2
IV	Transferencias correntes	2.320.419	2.410.611	90.192	3,9	20,1	20,4
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>8.158.873</b>	<b>8.424.411</b>	<b>265.538</b>	<b>3,3</b>	<b>70,7</b>	<b>71,3</b>
V	Fondo de continxencia	39.043	33.317	-5.725	-14,7	0,3	0,3
VI	Investimentos reais	911.185	928.867	17.682	1,9	7,9	7,9
VII	Transferencias de capital	740.709	762.348	21.639	2,9	6,4	6,4
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>1.651.893</b>	<b>1.691.215</b>	<b>39.321</b>	<b>2,4</b>	<b>14,3</b>	<b>14,3</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>		<b>9.849.809</b>	<b>10.148.944</b>	<b>299.134</b>	<b>3,0</b>	<b>85,3</b>	<b>85,9</b>
VIII	Activos financeiros	164.010	153.921	-10.090	-6,2	1,4	1,3
IX	Pasivos financeiros	1.530.532	1.518.711	-11.820	-0,8	13,3	12,8
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>		<b>1.694.542</b>	<b>1.672.632</b>	<b>-21.910</b>	<b>-1,3</b>	<b>14,7</b>	<b>14,1</b>
<b>Total</b>		<b>11.544.351</b>	<b>11.821.575</b>	<b>277.224</b>	<b>2,4</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

Tendo en conta os orzamentos de 2020, o gasto non financeiro aumenta en 300 millóns de euros, o que supón unha variación do 3%, pero se temos en conta os menores recursos que detrae o pago da débeda no capítulo III, así como da de SPI no capítulo VI, os recursos dispoñibles para atender outras políticas de gasto son máis de 359 millóns de euros, un 3,5% máis.

### V.1.4. Mellora do aforro bruto e saldo primario grazas á uns maiores ingresos correntes e a os aforros de custe financeiro

Malia importante aposta polo gasto corrente dos presentes orzamentos, este aumenta en 266 millóns de euros (288 millóns sen ter en conta os custos financeiros), o aforro por operacións correntes aumenta un 5,5%, ata os 968 millóns de euros, o que o coloca

nos niveis máis altos da última década, se non consideramos as operacións financeiras, o aforro por operacións correntes primario é de 1.111 millóns de euros.

Este último, xunto cos ingresos de capital, financian sobradamente tódolos investimentos, por tanto o recurso ao endebedamento, so esta a financiar as operacións financeiras.

Cadro 27. Aforro Bruto e primario por operacións correntes. Orzamento consolidado. Miles €

Conta Financeira				
Operacións Correntes	2019	2020	Var. 2020/2019	
			Importe	%
<b>Ingresos</b>	<b>9.076.478</b>	<b>9.392.392</b>	<b>315.914</b>	<b>3,5</b>
Impostos directos	2.431.251	2.616.465	185.215	7,6
Impostos indirectos	3.450.728	3.637.903	187.175	5,4
Taxas, prezos e outros ingresos	177.517	187.488	9.970	5,6
Transferencias correntes	3.008.296	2.942.950	-65.346	-2,2
Ingresos patrimoniais	8.686	7.586	-1.100	-12,7
<b>Gastos</b>	<b>8.158.873</b>	<b>8.424.411</b>	<b>265.538</b>	<b>3,3</b>
Gastos de persoal	3.889.284	4.030.697	141.413	3,6
Gastos en bens correntes e servizos	1.783.753	1.839.724	55.971	3,1
Gastos financeiros	165.417	143.379	-22.038	-13,3
Transferencias correntes	2.320.419	2.410.611	90.192	3,9
<b>Aforro</b>	<b>917.605</b>	<b>967.980</b>	<b>50.376</b>	<b>5,5</b>
Gastos financeiros	165.417	143.379	-22.038	-13,3
<b>Saldo primario</b>	<b>1.083.022</b>	<b>1.111.359</b>	<b>28.337</b>	<b>2,6</b>

### V.1.5. Aumenta a formación de capital: 983 millóns de euros

Os ingresos por operacións de capital aumentan 30 millóns de euros ata os 708 millóns de euros (un 4,4%), en tanto que os gastos neses capítulos ascenden a 1.691 millóns, aumentando nun 2,43% con respecto a 2019. Porén, se temos en conta que no capítulo VI de 2019, figuraban 37 millóns dedicados a pagar os mandatos pendentes de pago a SPI e que no 2020 non figuran ao amortizarse toda a débeda co superavit de 2018, a capacidade real de gastos para novos investimentos aumenta en 76 millóns de euros, o 4,5%.

A formación de capital, ou gastos de operacións de capital acada 983 millóns de euros, 10 millóns superior á de 2019, polo maior aumento dos empregos en investimentos a pesar de que os ingresos de capital medran un 4%.

*Cadro 28. Formación de capital*

Operacións de Capital	2019	2020	Var. 2020/2019	
			Importe	%
<b>Ingresos</b>	<b>678.506</b>	<b>708.283</b>	<b>29.777</b>	<b>4,4</b>
Alleamento de investimentos reais	7.340	6.755	-585	-8,0
Transferencias de capital	671.166	701.528	30.362	4,5
<b>Gastos</b>	<b>1.651.893</b>	<b>1.691.215</b>	<b>39.321</b>	<b>2,4</b>
Investimentos reais	911.185	928.867	17.682	1,9
Transferencias de capital	740.709	762.348	21.639	2,9
<b>Formación de Capital</b>	<b>973.387</b>	<b>982.932</b>	<b>9.545</b>	<b>1,0</b>

#### *V.1.6. O fondo de continxencia se minora ata os 33,3 millóns de euros*

A dotación do fondo de continxencia de execución orzamentaria a que se refire o artigo 55 bis do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, realizouse gradualmente dende o exercicio 2013 para achegarse ao seu importe legal de xeito progresivo.

Dadas as necesidades financeiras inherentes a todo proceso de consolidación fiscal, dende o ano 2016 estableceuse unha excepción á contía establecida como dotación na Lei de réxime financeiro, que habilita a posibilidade de dotar unha contía inferior en tanto non remate o mesmo.

Polo que refire ao Fondo de continxencia de execución orzamentaria para 2019, este sofre unha baixa respecto a 2019 de seis millóns de euros, a súa dotación repártese entre o SERGAS (31,9 millóns de euros a mesma que no 2019) e administración xeral (1,4 millóns de euros).

#### *V.1.7. Necesidade de Financiamento orzamentaria equilibrada na práctica, 48 millóns de euros.*

A necesidade de financiamento dos orzamentos no 2020 é de 48 millóns de euros, un 49% inferior á de 2019. Tendo en conta os axustes de contabilidade nacional, que é nos termos nos que se mide o obxectivo de estabilidade orzamentaria, a necesidade de financiamento supón os 68 millóns de euros recollidos no teito de gasto.

Os axustes de contabilidade nacional pasan a ser negativos polo efecto da eliminación da débeda dos mandatos á Sociedade Pública de Investimentos, é dicir o seu valor total resulta equivalente a un maior gasto ou un menor ingreso, neste caso por importe de 20 millóns de euros, tal e como se estimaba no teito de gasto..

O saldo destes axustes xurde ademais do xa mencionado do axuste correspondente á devolución das liquidacións negativas do sistema de financiamento dos anos 2008 e 2009. Pola contra, outros gastos que non afectan aos orzamentos, modulan a través

destes axustes o resultado orzamentario (como o resultado positivo das achegas a entes instrumentais da comunidade autónoma agás a achega á CRTVG considerada un gasto financeiro no orzamento e que se deduce como necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional, a diferenza entre xuros devindicados e pagados, ou a recadación líquida e os dereitos recoñecidos netos en ingresos son outras partidas que forman parte dos axustes).

Galicia segue a súa propia senda de consolidación fiscal, máis constante pero tamén máis suave, que a proposta polo Goberno de España, isto permite nun ano marcado polas incertezas non ter que realizar ningún esforzo de consolidación fiscal, realizando un axuste menor que o resto das CCAA, e proposto polo Goberno de España que suporía pasar dun obxectivo de estabilidade do 0,3% ao actual do 0,1%.

Por tanto Galicia, en consolidación fiscal xa na práctica, non terá que realizar esforzos adicionais neste 2020, o que implica contar cun diferencial de dúas décimas menos de consolidación fiscal que a media das CCAA que, co escenario vixente, deben realizar un esforzo fiscal de rebaixar as súas necesidades de financiamento nun 0,2%.

Cadro 29. Necesidade de financiamento orzamentaria en termos de CN

ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL	2019	2020	Var. 2020/2019	
			Importe	%
Ingresos Correntes	9.076	9.392	316	3,5
Gastos Correntes	8.159	8.424	266	3,3
<b>AFORRO BRUTO ORZAMENTARIO</b>	<b>918</b>	<b>968</b>	<b>50</b>	<b>5,5</b>
Fondo de continxencia	39	33	-6	-14,7
Ingresos de Capital	679	708	30	4,4
Gastos de Capital	1.652	1.691	39	2,4
<b>GASTOS DE OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>-973</b>	<b>-983</b>	<b>-10</b>	<b>1,0</b>
<b>DÉFICIT ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO</b>	<b>-95</b>	<b>-48</b>	<b>47</b>	<b>-49,1</b>
Liquidacións negativas sistema	85	85	0	0,0
Outras unidades consideradas aapp	-37	-86	-49	132,4
Recadación incerta	-30	-27	3	-11,3
Intereses devindicados	2	1	-1	-34,9
Outros axustes	5	6	1	20,8
<b>TOTAL AXUSTES CONTABILIDADE NACIONAL</b>	<b>25</b>	<b>-20</b>	<b>-45</b>	<b>-177,8</b>
<b>NECESIDADE DE FINANCIAMENTO</b>	<b>-69</b>	<b>-68</b>	<b>1</b>	<b>-1,9</b>

#### V.1.8. Principais Políticas de Gasto Priorizadas no Orzamento 2020

Se ben, como se ten indicado o gasto non financeiro consolidado aumenta no 3%, o orzamento total crece o 2,4% por mor das operacións financeiras vencelladas aos vencementos da débeda pública.

Porén, esta non é a contía da que poden dispor as consellerías para dotar financeiramente as súas políticas de gasto, xa que é preciso deducir da mesma os recursos atri-

buídos ao financiamento de outras administracións (universidades, financiamento local e órganos estatutarios e consultivos) así como ao servizo da débeda.

As anteriores sumas supoñen 2.265 millóns de euros no 2020, é a súa dedución do orzamento total permite determinar as contías libres para o gasto das consellerías que ascende a 9.556 millóns de euros, un 3,1% máis que o ano 2019, que en efectivo son 291 millóns de euros adicionais.

*Cadro 30. Capacidade de gasto das consellerías*

DISPOÑIBILIDADES FINANCEIRAS PARA POLITICAS DE GASTO DAS CONSELLERÍAS	Var. 2020/2019			
	2019	2020	Importe	%
<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	11.544	11.822	277	2,4
-Financiamento administracións locais	140	147	7	5,0
-Servizo da débeda	1.676	1.642	-34	-2,0
-Plan financiamento SUG	432	443	11	2,7
-Organos estatutarios e consultivos	32	33	1	3,2
<b>CAPACIDADE DE GASTO CONSELLERÍAS</b>	<b>9.265</b>	<b>9.556</b>	<b>291</b>	<b>3,1</b>


### V.1.9. Gasto Social

As políticas de gasto dimanantes do desenvolvemento das competencias autonómicas en materia de Sanidade, Educación e Política Social son as que máis recursos concentran como é lóxico, dado o alto custe dos servizos que prestan e a súa vocación universal. Por elo, nunha visión simplista da variación por funcións de gasto, dos 300 millóns de gasto non financeiro que aumenta o orzamento, 275 millóns van dedicados a elas.

Así, o peso gañado na estrutura de gasto durante a crise, na que se blindaron estes servizos, agora mantense debido á mellora dos servizos prestados nestas áreas, así como ao custe dos mesmos, manténdose preto do 74% a suma do gasto en sanidade, educación e política social sobre o total non financeiro.

De seguido observamos a evolución das dotacións orzamentarias de cada unha destas políticas de gasto.

Gráfico 36. Variación gasto non financeiro principais políticas de gasto social por funcións orzamentarias




Dentro das funcións de política social. Non so atopamos as partidas da consellería co mesmo nome strictu sensu senón que tamén se contemplan outras desenvolvidas noutras seccións orzamentarias como emigración ou igualdade. Así, as políticas de igualdade medran case un 8% ata os 27,5 millóns de euros. Do mesmo xeito, os servizos sociais relativos as migracións medran un 8,7% ata os 13,5 millóns de euros, seguindo a desenvolver o plan e as oficinas de retorno, así como o seu exitoso sistema de bolsas de excelencia á mocidade no exterior.

Dada a diferente magnitude e singularidade das políticas de emprego, as reservamos para un punto específico. Estas acadan os 274,5 millóns de euros no presente orzamento, aumentando un 4,5% sobre o de 2019, case 12 millóns de euros.

O seguinte cadro mostra a evolución de algunha das principais liñas de actuación en materia de política social.

Gráfico 37. Evolución de algunhas partidas do gasto social. Euros



#### V.1.10. Financiamento autonómico da Administración Local

A dotación do Fondo de Cooperación Local acada os 135,8 millóns de euros; estará formada polos 113 millóns de euros do fondo base, nove millóns e medio da liquidación do ano 2018 e trece millóns e medio de fondo adicional, que reflicte a mellora da dinámica dos ingresos tributarios da comunidade autónoma.

Por tanto a dotación adicional do FCL case supera en catro millóns de euros a de 2019.


Na subcomisión permanente de do réxime económico e financeiro da comisión de cooperación local acordouse xunto coa fegamp repartir o fondo adicional en función dos seguintes items de gasto compartido, os gastos de funcionamento dos concellos con centros de saúde, os gastos de funcionamento dos servizos de emerxencia intermunicipais, os gastos de limpeza das faixas de biomasa para a prevención de lumes, os gastos de funcionamento dos conservatorios de grao medio de titularidade municipal, aos concellos que teñan institucións penitenciarias no seu termo municipal, os gastos derivados da participación do plan de extinción de niños de velutina e no plan de garantía de cobertura 4G en todo o territorio e o mantemento do estímulo financeiro a os municipios que se fusionen.

A comunidade autónoma garantiu durante a crise un financiamento estable ás corporacións locais, compensándoa con axustes nos orzamentos das consellerías, de aí o montante estable do fondo base. Dende o ano 2010, e coa finalidade de apoiar aos Concellos, a Xunta garantiu un chan de FCL que pasa a denominarse fondo base e se reparte en

base a os criterios fixados ata entón, por iso, a dotación ao FCL non baixou no período 2012-2015 a pesar de que o nivel de recadación dos tributos dos capítulos I a III non se recupera ata 2016, o que implicaría unha asignación inferior ao fondo.

Agora, coa mellora das condicións económicas, o fondo volta a medrar xunto cos ingresos da comunidade autónoma, así os Orzamentos Xerais para 2020 reflicten as anteriores contías, o cadro seguinte mostra a súa evolución.

Gráfico 38. Evolución do financiamento incondicionado a CCLL e variación do gasto non financeiro consolidado.  
Millóns de euros e %



### V.1.11. Financiamento das Universidades

O 2020 é o último ano do vixente plan de financiamento universitario, un plan que foi quen de garantir un financiamento estable e previsible ás entidades integrantes do SUG. Para este ano aportará un monto de 443,33 millóns €, un 2,4% por enriba do correspondente a 2019 e un 12,6% por enriba das achegas do primeiro ano efectivo de orzamentación do plan no 2016, case 50 millóns de euros máis.

Lembrar que o plan de financiamento se estrutura nun fondo por resultados en base a un panel de indicadores consensuado coas universidades e noutro estrutural que tenta garantir o financiamento da docencia e a investigación básica das Universidades en base a parámetros obxectivos, aplicando un módulo elaborado en base ao custe das necesidades docentes dimanantes dos créditos matriculados en cada unha, superando por vez primeira o criterios de reparto históricos.




Este módulo é o mesmo para as tres entidades universitarias por crédito matriculado.

Se a evolución do módulo estrutural vai vencellada ao aumento de masa salarial previsto pola normativa básica do estado, os outros teñen unha evolución máis dinámica, así o subfondo de panel de indicadores, esta vencellado ao crecemento do PIB real (medra un 2% respecto ao exercicio 2019) e o de fomento de I+D+i e transferencia un 5,8%, por ter unha evolución vencellada ao duplo da regra de gasto.

A evolución dos fondos consignados nos orzamentos da comunidade autónoma desde 2016 é a seguinte.

Gráfico 39. Evolución do financiamento da Xunta ao SUG. Millóns de euros.



### V.1.12. *Investimento en I+D+i*

A muda de modelo de crecemento, apostando pola innovación e o coñecemento debe ter o seu apoio nas políticas de fomento da innovación, con un aumento progresivo das dotacións nesta política de gasto a medida que se vaia desenvolvendo a estratexia RIS3 de Galicia (Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia). Esta estratexia será condición favorable no novo marco comunitario de apoio alén de 2021. A diferenza do período 2014-2020, son obxecto de seguimento e se aplican ao longo de todo o período. Reforzando o principio de que os Estados membros no poderán declarar os gastos relacionados con obxectivos específicos ata que non se cumpra a condición favorable de

---



cara a coordinar as recomendacións do semestre europeo e os mecanismos financeiros de cohesión.

A Axencia de innovación incrementa o seu orzamento nun 5,1% o que supón acumular un crecemento dende 2015, ano do inicio do plan estratéxico nun 79%, o que debe supor un forte impulso financeiro para consolidar as súas políticas de fomento da investigación, desenvolvemento e innovación, dun xeito especial nas áreas priorizadas na RIS3.

Ademais, o gasto da axencia de innovación non é todo o gasto en I+D que luce no orzamento consolidado, xa que en programas de gasto diferentes figuran o I+D sanitario, universitario e o do sector primario.

Por outra banda, como parte do pulo innovador e fomento das TIC, a axencia de modernización, cuxo orzamento aumenta nun 4%, desenvolve un importante papel que xoga tanto como tecnoloxía facilitadora das principais innovacións como tamén en actuacións de e-goberno e economía dixital como elemento tractor e difusor das novas tecnoloxías. Respecto do 2015, o seu orzamento medra nun 35,3%, a este apoio ao sector habería que adicionar o non menos importante desenvolvemento TIC no sector sanitario.

Gráficos 40 e 41. Evolución dos orzamentos asignados a I+D+i e TICs. Evolución das dotacións dos programas de I+D.




### V.1.13. Gasto con perspectiva territorial

O orzamento 2020 conta tamén cunha perspectiva territorial, que atinxe a tódalas partidas de gasto agás as financeiras.

Así, unha vez deducido o gasto financeiro e o correspondente aos servizos centrais, a distribución provincial do gasto explica o 92% do gasto non financeiro coa seguinte distribución per cápita: A Coruña 3.281 euros por habitante, Lugo 4.252 euros por habitante, Ourense 4.096 euros por habitante e Pontevedra 3.200 euros por habitante.

O carácter reequilibrador do investimento público no orzamento fai que este discrimine positivamente a favor das provincias de Lugo e Ourense, compensando a situación máis desfavorable destas provincias en canto a renda e poboación. Así, o aumento medio do gasto por habitante respecto ao orzamento de 2019 crece nas provincias orientais un 4,4 % e nas occidentais un 3,2 %.

Gráfico 42. Distribución territorial do gasto



#### V.1.14. Ingresos e Novas Medidas Tributarias

A lei de medidas fiscais para 2020 introduce como en anos anteriores diferentes medidas fiscais que ten por obxecto mediante axustes selectivos estimular a demanda agregada interna, contribuíndo a dinamizar o consumo e o investimento dentro das posibilidades orzamentarias.

Así, a lei de medidas fiscais para 2020 inclúe as seguintes modificacións na normativa fiscal:

- Imposto sobre a renda das persoas físicas.

Modifícanse os números nove, dez e quince ao artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo.

Modifícase o límite máximo de participación no capital social (40%) esixido na dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación; dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación e o seu financiamento, e, dedución por investimento en empresas agrarias e sociedades cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra.

Con estas medidas o que se pretende é facilitar a aplicación das deducións en cuestión para as cooperativas e sociedades laborais constituídas con dous socios, nas que obrigatoriamente o capital social debe distribuírse ao 50% entre ambos.

Esta modificación poderá aplicarse por primeira vez nas autoliquidacións do IRPF do ano 2020 e terá un custe recadatorio de 300.000 euros

Engádese o número dezaioito ao artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo.

A modificación consiste en que se poderá deducir da cota íntegra do imposto sobre a renda das persoas físicas as inversións realizadas por obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou vivendas unifamiliares.

Con esta medida o que se pretende é dar a coñecer o comportamento enerxético dos inmobles e mellorar a cualificación enerxética dos edificios do parque edificatorio de Galicia mediante, entre outras, actuacións sobre a envolvente térmica, instalacións térmicas e/ou instalación de iluminación, que reduzan as perdas enerxéticas e o consumo de recursos.

Esta medida poderá aplicarse por primeira vez nas autoliquidacións do IRPF do ano 2020 e terá un custo recadatorio de 2.500.000€

Engádese o número dezanove ao artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo.

Na Comunidade Autónoma existe un programa específico de axudas dirixido, exclusivamente, a deportistas de alto nivel nas que se inclúen medidas basicamente de índole económica, tendentes a facilitar e incentivar a dedicación ao deporte de alto nivel.

Con esta medida trátase de que as axudas ou subvencións recibidas polos deportistas recoñecidos como de alto nivel de Galicia non se vexan minoradas pola súa tributación no imposto da renda das persoas físicas e así impulsar o deporte de alto nivel en Galicia.

Esta medida poderá aplicarse por primeira vez nas autoliquidacións do IRPF do ano 2020 e terá un custo recadatorio de 80.000€.

- Imposto sobre sucesións e doazóns.

Incrementase a redución por parentesco para o grupo II e ampliación do grupo de parentesco nas reducións pola adquisición de participacións en entidades.

Incrementábase a redución por parentesco para o Grupo II, con carácter xeral, dos 400.000 € actuais a 1.000.000 € para as adquisicións por descendentes e adoptados de 21 anos ou máis, cónxuxes, ascendentes e adoptantes.

Con esta medida se segue na senda, xa iniciada en 2016, de lograr manter íntegro o patrimonio familiar e a capacidade económica da familia, que pasa a perder, en moitas ocasións, a renda que aportaba a persoa falecida.

Estes razoamentos que aconsellan o establecemento desta redución, perden forza a medida que o patrimonio do falecido é maior, xa que entón a capacidade económica da familia é suficiente para facer fronte ao pago do imposto sen que se vexa minorada de forma significativa.

Por iso óptase polo incremento das reducións persoais e non pola completa supresión da tributación, dado que Galicia xa conta cun tipo de gravame reducido para a transmisión de pais a fillos (máximo do 18%) fronte a parentescos máis afastados.

Ademais, e dada a existencia de pactos sucesorios na Lei 2/2006 de dereito civil de Galicia como o de mellora e a apartación, permitirá nun maior grado que o actual, que aqueles que queiran entregar bens en vida aos seus descendentes como forma anticipada da herdanza a percibir, se beneficien desta redución.

Esta medida terá un custe recadatorio para 2020 de 5.400.000€.

Por outra banda nas reducións do 99% por participacións en entidades tanto en sucesións como doazóns ampliase o grupo de parentesco a efectos de propiedade e control da xestión do carto ao sexto grado.

Con estas medidas se segue a continuar na senda de favorecer as empresas familiares que permanecen dentro do ámbito familiar xeración tras xeración, reforzando a aposta polo desenvolvemento do tecido empresarial de orixe familiar.

Esta medidas terán un custe recadatorio para 2020 de 139.600€.

- Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, modalidade transmisións patrimoniais.

Engadese o número Sete, ao artigo 14 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo.

Con esta medida o tipo de gravame aplicable no caso de adquisición de vivenda pasa do 10% actual ao 6%, e no caso de tratarse da adquisición da vivenda habitual do contribuínte e se dan os requisitos do número 2 do mesmo artigo o tipo actual do 7% pasa ao 5%, sempre que, en ambos casos, adquisición se realice nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais.

O obxectivo desta medida é fomentar a adquisición de vivenda naquelas zonas do territorio galego que se atopen despoboadas, coa finalidade de promover o asentamento con carácter permanente, cós seguintes beneficios que ilo supón para o entorno.

Esta medida terá un custe recadatorio para 2020 de 9.304.200€.

- Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada.

Modifícase o artigo 9 da Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada.

Con esta medida constitúese como suxeito pasivo substituto do contribuínte ao titular da concesión, cando os usuarios da toma de auga sexan unha pluralidade de persoas, coa posibilidade de existir a débeda tributaria dos contribuíntes; con ela dáse solución a aqueles casos en que hai unha pluralidade de usuarios e un titular diferenciado do aproveitamento.

Esta medida non terá custe recadatorio.

#### ***V.1.15. Unha aproximación ao Marco Financeiro Plurianual da UE-27 para o período 2021-2027, relación cos ODS***

No que atinxe á programación estratéxica, presentamos a continuación un resume, que se comenta con maior detalle na Memoria de Obxectivos e Programas, do documento de reflexión “Para unha Europa sustentable de aquí a 2030” da Comisión Europea e unha aproximación ao marco financeiro plurianual da UE-27 para o período 2021-2027

Na Asemblea Xeral das Nacións Unidas, países de todo o mundo asinaron en setembro de 2015 a Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas (a Axenda 2030 das Nacións Unidas) e os seus 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable ( ODS), e comprometéronse a acabar coa pobreza, protexer o planeta e garantir que todas as persoas gozar de paz e prosperidade. Os ODS entraron oficialmente en vigor o 1 de xaneiro de 2016.

Os ODS, xunto co Acordo de París sobre o cambio climático, son a folia de ruta para alcanzar un mundo mellor e o marco mundial para a cooperación internacional en materia de desenvolvemento sustentable, coas súas dimensións económica, social, ambiental e de gobernanza. A UE foi un dos promotores da Axenda 2030 das Nacións Unidas e comprometeuse plenamente á súa aplicación.

Estes novos Obxectivos son únicos, xa que esixen a acción de todos os países, pobres, ricos e de ingresos medios para promover a prosperidade e protexer o planeta. Recoñecen que acabar coa pobreza debe ir da man con estratexias que fomenten o crecemento económico e aborden unha gama de necesidades sociais que inclúan educación, saúde, protección social e oportunidades laborais, ao mesmo tempo que abordan o cambio climático e a protección ambiental.

#### A contribución da Comisión Juncker aos ODS 2030

A UE desempeñou un papel decisivo na elaboración da Axenda 2030 das Nacións Unidas para o Desenvolvemento Sustentable e, xunto cos Estados membros, comprometeuse a asumir tamén un papel de vangarda na súa aplicación, tanto no seo da UE como apoiando os esforzos de aplicación noutros países, especialmente nos máis necesitados, a través das súas políticas exteriores.

#### Prioridades da Comisión Europea e os ODS 2030

A Comisión Juncker estableceu 10 prioridades relacionadas directamente con aspectos clave do desenvolvemento sustentable:

Prioridade 1: emprego, crecemento e investimento.

Prioridade 2: un mercado único dixital.

Prioridade 3: lograr que a enerxía sexa máis segura, alcanzable e sustentable.

Prioridade 4: un mercado interior máis xusto e profundo.

Prioridade 5: unha Unión Económica e Monetaria máis profunda e máis xusta.

Prioridade 6: comercio aberto e xusto.

Prioridade 7: xustiza e dereitos fundamentais.

Prioridade 8: migración.

Prioridade 9: un actor máis potente no escenario mundial.

Prioridade 10: unha Unión de cambio democrático.



## I. O orzamento europeo plurianual 2021-2027 e a sustentabilidade

A proposta da Comisión de cara ao próximo orzamento europeo plurianual para o período 2021-2027 consiste nun marco guiado polos principios de sustentabilidade, prosperidade, solidariedade e seguridade. O desenvolvemento sustentable ocupa un lugar central nas propostas.

A sustentabilidade promóvese a través da integración transversal en numerosos programas e instrumentos de gasto. Algúns exemplos son os seguintes:

- Unha importante reestruturación dos instrumentos da acción exterior da UE a fin de facilitar a súa maior coherencia. A nova proposta do Instrumento de Veciñanza, Desenvolvemento e Cooperación Internacional está en consonancia coa Axenda 2030 das Nacións Unidas e os seus ODS.
- Para atopar solucións innovadoras de apoio á transición cara ao desenvolvemento sustentable será necesario realizar investimentos en investigación e innovación a través da iniciativa Horizonte Europa, o maior programa de investigación e innovación da UE que se emprendeu nunca.
- Unha política de cohesión reformada mobilizará investimentos nacionais e privados adicionais considerables. A proposta céntrase no crecemento sustentable, a transición cara a unha economía hipocarbónica e circular, o medio ambiente, a eficiencia no uso dos recursos e a inclusión social. Esta proposta permitirá á UE cumprir os obxectivos do Acordo de París sobre a acción polo clima e axudará a conferir unha dimensión local aos ODS, dado que a súa aplicación lévase a cabo en estreita colaboración coas rexións e as autoridades locais.
- Unha proposta para catalizar investimentos estratéxicos esenciais a través dun novo fondo de investimento plenamente integrado, InvestEU, que será clave para a futura prosperidade de Europa e o seu liderado en materia de ODS.
- Unha política agrícola común simplificada e modernizada, que poñerá unha maior énfase no medio ambiente e o clima. Todos os agricultores que reciban pagos por superficie e por número de animais terán que cumprir unha serie de requisitos relacionados co cambio climático, a auga, o chan, a biodiversidade e a paisaxe, así como coa saúde pública, a sanidade vexetal e a saúde e o benestar dos animais.
- Reforzo do Programa de Medio Ambiente e Acción polo Clima "LIFE" para proxectos de apoio ao medio ambiente e a acción polo clima, incluído un novo apartado dedicado a apoiar a transición cara a unha enerxía limpa.
- Proponse duplicar o orzamento para o Programa Erasmus a fin de permitir a un maior número de cidadáns europeos estudar, formarse, facer voluntariado e adquirir experiencia profesional no estranxeiro.
- O programa do Mecanismo "Conectar Europa", que ten como obxectivo desenvolver un crecemento intelixente, sustentable, inclusivo, seguro e protexido das infraes-

truturas nos sectores do transporte, da enerxía e dixital. Pretende contribuír á acción polo clima nunha porcentaxe mínima do 60%.

- A proposta do programa Europa Dixital, que apoiará á provisión de capacidades de computación de alto rendemento e de intelixencia artificial, que ofrecerán no-vas oportunidades para o desenvolvemento sustentable, incluída a redución de CO<sub>2</sub>.

○ Fondo Europeo Marítimo e de Pesca simplificado para apoiar a política pesqueira común, a política marítima da UE e os seus compromisos internacionais en materia de gobernanza dos océanos, especialmente no contexto da Axenda 2030 das Nacións Unidas para o Desenvolvemento Sustentable.

Unha aproximación ao Marco Financeiro Plurianual da UE-27 para o período 2021-2027

A Comisión Europea elaborou en 2018 unha proposta de Marco Financeiro Plurianual da UE-27 que continúa vixente no momento actual á espera do que aconteza no Parlamento Europeo. Este marco, que se constitúe como un plan que transforma as prioridades comunitarias en gasto, permitirá ao conxunto da Unión Europea investir no período 2021-2027 ata 1.134.583 millóns de euros en créditos compromiso, a prezos de 2018. A nova estrutura comprende 7 rúbricas, 16 prioridades e 37 programas.

Cadro 31. Proposta do MFP UE 2021-2027 (Créditos comprometidos en Millóns de euros a prezos 2018). Elaboración propia.

Denominación Rúbrica / Prioridade		Importe Prioridade	% s/ T Prioridade	Importe Rúbrica	% s/ T Rúbrica
R1. Mercado único, innovación e economía dixital	1. Investigación e Innovación	91.028	8,02	166.303	14,66
	2. Investimentos estratéxicos europeos	44.375	3,91		
	3. Mercado único	5.672	0,50		
	4. Espazo	14.404	1,27		
	Marxe	10.824	0,95		
R2. Cohesión e valores	5. Desenvolvemento rexional e cohesión	242.209	21,35	391.974	34,55
	6. Unión económica e monetaria	22.281	1,96		
	7. Investir nas persoas, a cohesión social e os valores	123.466	10,88		
	Marxe	4.018	0,35		
R3. Recursos naturais e medio ambiente	8. Agricultura e política marítima	330.723	29,15	336.622	29,67
	9. Medio ambiente e acción polo clima	5.085	0,45		
	Marxe	814	0,07		
R4. Migración e xestión das fronteiras	10. Migración	9.973	0,88	30.830	2,72
	11. Xestión de fronteiras	18.824	1,66		
	Marxe	2.033	0,18		
R5. Seguridade e defensa	12. Seguridade	4.256	0,38	24.324	2,14
	13. Defensa	17.220	1,52		
	14. Respostas ás crises	1.242	0,11		
	Marxe	1.606	0,14		
R6. Veciñanza e o resto do mundo	15. Acción exterior	93.150	8,21	108.928	9,60
	16. Axuda de preadhesión	12.865	1,13		
	Marxe	2.913	0,26		
R7. Administración pública europea	Escolas europeas e pensións	17.055	1,50	75.602	6,66
	Gastos administrativos institucionais	58.547	5,16		
<b>TOTAL</b>		<b>1.134.583</b>	<b>100,00</b>	<b>1.134.583</b>	<b>100,00</b>

As negociacións sobre o próximo MFP chegan nun momento de novo dinamismo para a UE, que se enfrenta a grandes retos, como o cambio tecnolóxico e demográfico, o cambio climático e a escaseza de recursos, ou o desemprego, especialmente entre os mozos. Tamén aparecen novas ameazas que requiren novas res-postas, tales como a crise dos refuxiados, o aumento da inestabilidade xeopolítica ou a dúbida dos valores e principios democráticos da UE.

A Comisión propón reducir o número de programas, modernizar os mecanismos de flexibilidade actuais e introducir unha nova Reserva da Unión.

Entre os programas do orzamento da UE-27 para o próximos sete anos destacan os seguintes:

1. Baseándose no éxito de Horizonte 2020, a Comisión propón un novo programa de investigación e innovación Horizonte Europa (Rúbrica 1, Prioridade 1), con 83.491 millóns de euros presupostados a prezos 2018.
2. Partindo do éxito do Fondo Europeo para Investimentos Estratéxicos, á hora de catalizar os investimentos privados en toda Europa, a Comisión propón crear un novo fondo de investimento, InvestEU (Rúbrica 1, Prioridade 2), con 13.065 millóns de euros.
3. Co Mecanismo Conectar Europa reformado (Rúbrica 1, Prioridade 2), a Unión seguirá investindo en redes transeuropeas de transportes (11.384 millóns de euros), servizos dixitais (2.662 millóns de euros) e enerxía (7.675 millóns de euros).
4. Co fin de reducir o actual desequilibrio en materia de investimento dixital, a Comisión propón crear un novo programa Europa Dixital (Rúbrica 1, Prioridade 2), con 8.192 millóns de euros, para configurar e apoiar a transformación dixital da sociedade e da economía europea.
5. Baseándose no actual programa de Competitividade das empresas e as pemes, a Comisión propón o novo programa Mercado Único específico (Rúbrica 1, Prioridade 3), con 3.628 millóns de euros.
6. O programa Espacial Europeo financia o despregamento e o funcionamento de infraestruturas espaciais europeas e servizos conexas. Presenta un orzamento de 14.196 millóns de euros e está enmarcado na Prioridade 4 da Rúbrica 1.
7. Na Rúbrica 2 figuran o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), con 200.629 millóns de euros, e o Fondo de Cohesión, con 41.349 millóns de euros, ambos os dous na Prioridade 5, e o Fondo Social Europeo Plus (FSE+), con 88.646 millóns de euros, na Prioridade 7, que son os que financian a Política de Cohesión comunitaria 2021-2027.
8. O programa de Apoio ás reformas (Rúbrica 2, Prioridade 6), con 22.181 millóns de euros, ten por obxecto fomentar e apoiar a aplicación de reformas estruturais nos Estados membros.
9. A Comisión propón reforzar a atención á mocidade no próximo marco financeiro. Isto lograrase ampliando en máis do dobre o tamaño do programa Erasmus+ (Rúbrica 2, Prioridade 7), con 26.368 millóns de euros.
10. A Comisión propón na Prioridade 8 da Rúbrica 3 unha Política Agrícola Común reformada e modernizada, cunha maior ambición ambiental e climática. Seguirá organizándose ao redor de dous alicerces: os pagos directos aos agricultores, a través do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (254.247 millóns de euros), e o financiamento do desenvolvemento rural, a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (70.037 millóns de euros).
11. A través do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (Rúbrica 3, Prioridade 8), con 5.448 millóns de euros, a UE seguirá prestando apoio a un sector pesqueiro europeo sustentable e ás comunidades costeiras que dependen del.

12. Propónse manter e reforzar o programa LIFE, de Medio Ambiente e a Acción polo Clima (Rúbrica 3, Propiedade 9), con 4.828 millóns de euros.
13. A Comisión propón reforzar o Fondo de Asilo e Migración (Rúbrica 4, Prioridade 10), con 9.205 millóns de euros presupostados.
14. O anterior Fondo complementábase co Fondo de Xestión Integrada das Fronteiras (Rúbrica 4, Prioridade 11), con 8.237 millóns de euros. Para iso, a Comisión propón crear un corpo permanente duns 10.000 gardas de fronteiras, a Garda Europea de Fronteiras e Costas (FRONTEX), que se constituirá no núcleo do sistema integrado de xestión de fronteiras da UE.
15. O Fondo de Seguridade Interior (Rúbrica 5, Prioridade 12), con 2.210 millóns de euros presupostados.
16. A Comisión propón un Fondo Europeo de Defensa reforzado, con 11.453 millóns de euros (Rúbrica 5, Prioridade 13). Ademais, a Unión mellorará as súas infraestruturas de transporte estratéxicas para adecualas á Mobilidade militar, con 5.767 millóns de euros presupostados, a través do Mecanismo Conectar Europa.
17. O amplo Instrumento de Veciñanza, Desenvolvemento e Cooperación Internacional (Rúbrica 6, Prioridade 15), con 79.216 millóns de euros, que terá cobertura mundial.
18. A Comisión propón un Instrumento de Axuda Humanitaria reforzado (Rúbrica 6, Prioridade 15), con 9.760 millóns de euros.
19. O Instrumento de Axuda Preadhesión (Rúbrica 6, Prioridade 16), con 12.865 millóns de euros presupostados, axudará aos países candidatos e aos candidatos potenciais no seu camiño cara ao cumprimento dos criterios de adhesión.

Fóra dos límites máximos do MFP 2021-2017 figuran cinco Instrumentos especiais, que suman 26.023 millóns de euros a prezos de 2018:

- A Reserva para Axudas de Emerxencias (16,14% do total dos Instrumentos especiais).
- O Fondo de Solidariedade da UE (16,14%).
- O Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (5,38%).
- O instrumento de Flexibilidade (26,90%).
- O Fondo Europeo de Apoio á Paz (35,44%).

#### *V.1.16. Distribución por Consellerías e Organismos Estatutarios*

O cadro recollido de seguido mostra as variacións do orzamento consolidado da administración xeral, no que refire a o gasto non financeiro. Neste exercicio existen algúns cambios orgánicos e de partidas que darían lugar a variacións porcentuais que non se corresponden coa realidade se as apreciamos en termos non homoxéneos.

As grandes consellerías por tamaño dificilmente poden medrar por enriba da media, malia ser destino da maioría dos recursos, porén no orzamento 2020 se evidencia o importante esforzo desenvolvido nestas áreas dada a súa evolución. En grandes liñas hai consellerías cun crecemento porcentual importante, estas son cultura, economía e industria e política social. Estas consellerías medran entre un 8,9% e un 5,5%, moi por encima da media.


Pola banda dos entes instrumentais GAIN, a Axencia de Turismo de Galicia, o Instituto enerxético de Galicia, o Instituto Galego de Promoción económica, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria e o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño, medran entre o 27% e o 4,7%.

No entanto, a diferenza cuantitativa máis importante é para a consellería e entes instrumentais de sanidade (incremento de 122 millóns de euros), educación, universidade e formación profesional (incremento de 56 millóns de euros) e política social (43 millóns de euros máis).

Con unha particularidade, educación traspasa 29 millóns de crédito a mobilidade para que concesione parte dos contratos de transporte escolar, o que non implica baixar o gasto en educación nesa contía, de feito o gasto nos programas de educación aumenta nun 4,5% e 85 millóns de incremento, como se viu no punto anterior na medida na que a asignación funcional non varía.

Por tanto o orzamento crece con forza impulsando as liñas prioritarias do PEG 2015-2020, en especial no que atinxe ao gasto social pero tamén nos principais servizos vencellados a investimento e dinamización económica.

Cadro 32. O orzamento 2020 distribuído por consellerías e entes instrumentais dependentes



Cadro 33. Gasto non financeiro. Comparativa 2019-2020

	2019	2020	diferencia	TV 19/20
<b>1.01 - PARLAMENTO</b>	<b>19.696</b>	<b>20.272</b>	<b>576</b>	<b>2,9%</b>
<b>1.02 - CONSELLO DE CONTAS</b>	<b>7.253</b>	<b>7.637</b>	<b>384</b>	<b>5,3%</b>
<b>1.03 - CONSELLO DA CULTURA GALEGA</b>	<b>2.679</b>	<b>2.757</b>	<b>78</b>	<b>2,9%</b>
1.04 - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	3.513	3.618	105	3,0%
1.04 - SECRETARÍAS XERAIS DA PRESIDENCIA	45.025	47.262	2.237	5,0%
303 - AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GA	101.629	106.102	4.473	4,4%
<b>TOTAL PRESIDENCIA</b>	<b>150.167</b>	<b>156.982</b>	<b>6.815</b>	<b>4,5%</b>
1.05 - VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AA	279.504	292.885	13.382	4,8%
101 - ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	3.347	3.557	210	6,3%
105 - ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	2.907	2.999	92	3,2%
402 - AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	8.609	7.819	-791	-9,2%
<b>TOTAL VICEPRESIDENCIA</b>	<b>294.368</b>	<b>307.260</b>	<b>12.893</b>	<b>4,4%</b>
1.06 - CONSELLERÍA DE FACENDA	22.728	23.554	826	3,6%
102 - INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	4.272	4.515	243	5,7%
305 - AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	14.814	15.466	652	4,4%
403 - CENTRO INFORMATICO XESTION TRIBUTARIA ECONOMI	14.752	14.877	125	0,8%
404 - CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL	952	993	41	4,3%
<b>TOTAL FACENDA</b>	<b>57.518</b>	<b>59.405</b>	<b>1.886</b>	<b>3,3%</b>
1.07 - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VI	73.717	77.679	3.962	5,4%
111 - INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	3.129	3.210	81	2,6%
201 - INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	82.686	83.414	728	0,9%
<b>TOTAL MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENC</b>	<b>159.532</b>	<b>164.303</b>	<b>4.771</b>	<b>3,0%</b>
1.08 - CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	104.786	143.648	38.862	37,1%
302 - AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	273.715	239.518	-34.198	-12,5%
<b>TOTAL INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE</b>	<b>378.501</b>	<b>383.166</b>	<b>4.665</b>	<b>1,2%</b>
1.09 - CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	300.279	311.557	11.278	3,8%
107 - INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA	6.426	6.671	245	3,8%
110 - INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL	6.421	6.533	112	1,7%
304 - AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	90.324	94.581	4.257	4,7%
310 - AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL	14.355	14.262	-93	-0,7%
405 - INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	69.874	76.033	6.159	8,8%
407 - INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	22.817	28.984	6.167	27,0%
411 - CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS	1.129	1.193	65	5,7%
<b>TOTAL ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA</b>	<b>511.625</b>	<b>539.815</b>	<b>28.190</b>	<b>5,5%</b>
1.10 - CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORM	2.390.156	2.446.067	55.911	2,3%
<b>TOTAL EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓ</b>	<b>2.390.156</b>	<b>2.446.067</b>	<b>55.911</b>	<b>2,3%</b>
1.11 - CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO	68.498	71.586	3.088	4,5%
301 - AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	11.721	11.807	86	0,7%
306 - AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	64.184	73.836	9.652	15,0%
<b>TOTAL CULTURA e TURISMO</b>	<b>144.403</b>	<b>157.228</b>	<b>12.825</b>	<b>8,9%</b>
1.12 - CONSELLERÍA DE SANIDADE	73.014	75.589	2.575	3,5%
103 - SERVIZO GALEGO DE SAUDE	3.885.947	4.004.989	119.042	3,1%
308 - AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EI	3.511	3.112	-399	-11,4%
309 - AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS	24.856	25.298	442	1,8%
<b>TOTAL SANIDADE</b>	<b>3.987.328</b>	<b>4.108.988</b>	<b>121.660</b>	<b>3,1%</b>
1.13 - CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	719.429	762.526	43.097	6,0%
307 - AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	13.431	13.581	150	1,1%
<b>TOTAL POLÍTICA SOCIAL</b>	<b>732.860</b>	<b>776.107</b>	<b>43.247</b>	<b>5,9%</b>
1.14 - CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	392.226	415.952	23.726	6,0%
203 - FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	45.354	41.873	-3.482	-7,7%
408 - AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	49.067	45.956	-3.110	-6,3%
409 - AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	29.381	33.738	4.357	14,8%
<b>TOTAL MEDIO RURAL</b>	<b>516.028</b>	<b>537.520</b>	<b>21.492</b>	<b>4,2%</b>
1.15 - CONSELLERÍA DO MAR	158.055	163.202	5.147	3,3%
410 - INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO	3.397	3.671	274	8,1%
<b>TOTAL MAR</b>	<b>161.452</b>	<b>166.873</b>	<b>5.421</b>	<b>3,4%</b>
1.20 - CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA	2.117	2.113	-4	-0,2%
1.21 - TRANSFERENCIAS A CORPORACIÓNS LOCAIS	128.744	135.798	7.054	5,5%
1.22 - DÉBIDA PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	165.000	143.000	-22.000	-13,3%
1.23 - GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS	40.382	33.653	-6.729	-16,7%
<b>TOTAL GASTO NON FINANCIERO</b>	<b>9.849.809</b>	<b>10.148.944</b>	<b>299.134</b>	<b>3,0%</b>

